

BASES CONCURSO DE CARROZAS, COMPARSAS, GRUPOS E DISFRACES INDIVIDUAIS DO ENTROIDO 2017.

PRIMEIRA: O Concello do Rosal convoca o tradicional concurso de carrozas, comparsas, grupos e disfraces individuais que se celebrará con motivo do **Entroido 2017, o domingo 26 de febreiro, ás 11:00 horas**, na vila do Rosal.

O desfile percorrerá a rúa Julio Sesto, desde a Rotonda da Feira e a rúa de Ramón Franco, ata o cruce coa Lomba.

SEGUNDA: A inscrición dos participantes farase no Rexistro do Concello, en impreso normalizado para este fin, **ata as 14:00 horas do martes, 21 de febreiro de 2017.**

Xunto coas solicitudes de inscrición, deberán achegar:

- Breve descrición dos disface que se presenta a concurso.
- Maiores de idade: fotocopia do DNI.
- Menores de idade: fotocopia do DNI do representante e autorización única da persoa que represente á totalidade dos menores que participen (detallando o nome e apelidos de todos eles).
- Asociacións: fotocopia do CIF e fotocopia do DNI do representante.

As persoas que non presenten solicitude no rexistro xeral tamén poderán participar no desfile pero non terán opción a premio.

TERCEIRA: As modalidades que poderán participar no concurso son:

- Carrozas:** Considéranse carrozas un grupo de alomenos 6 persoas representando algún tema enriba dun móbil (carro, tractor, motocultor, etc. O condutor poderá ou non ir incluído, déixase a criterio dos participantes).
- Comparsas:** Participarán no grupo un mínimo de 10 persoas.
- Grupo:** Participarán un número de 3 a 9 persoas.
- Individual:** Fará constar o nome dos disface e da persoa que se presenta. Inclúense nesta categoría, a parella de disfraces que pola súa condición requiran participar de forma conxunta, e tamén as modalidades de: ata os 12 anos (acreditar con fotocopia do DNI), infantil; a partir dos 13 anos, xuvenil-adulto.

CUARTA: A cualificación das carrozas, comparsas, grupos e disfraces individuais será determinada polo Xurado do concurso, que estará formado por un Presidente (a Concelleira de Cultura ou a persoa en quen delegue) e cinco vogais en representación das entidades socioculturais do concello, que serán nomeados pola Concelleira de Cultura actuando como secretario/a o de menor idade.

QUINTA: Cada membro do Xurado valorará a orixinalidade, a creatividade e os complementos do vestiario e calificará de 1 a 10 cada un destes aspectos en cada carroza, comparsa, grupo e disface individual participante. Ademais, nas categorías de grupo, comparsa e carroza

valorarase de 1 a 10 a parodia/escenificación e a música que os acompañen. No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

SEXTA: Concederanse os seguintes premios:

CARROZAS:

1º PREMIO.....375 €

2º PREMIO300 €

3º PREMIO.....250 €

COMPARSAS:

1º PREMIO275 €

2º PREMIO250 €

3ºPREMIO225 €

GRUPO:

1º PREMIO.....225 €

2º PREMIO.....175 €

3º PREMIO.....150 €

INDIVIDUAIS:

Infantil:

1ºPREMIO 150 €

2º PREMIO125 €

3º PREMIO100 €

Xuvenil—adulto:

1º PREMIO..... 150 €

2º PREMIO..... 125 €

3º PREMIO 100 €

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

SÉTIMA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do Entroido: unha vez feita a avaliación polo Xurado, o secretario fará público o resultado, mediante a lectura da acta correspondente.

OITAVA: Os premios deberán ser recollidos ó longo do mes de marzo de xeito inescusable senón perderase o dereito ó mesmo.

NOVENA: A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, sendo a decisión do Xurado inapelable.

2º.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno na próxima sesión que este celebre.



3º.- *Dar publicidade ás presentes bases* no taboleiro de edictos do concello, na páxina web municipal, e nos distintos medios de comunicación social que se consideren.

O Rosal a 17 de xaneiro de 2017.

ALCALDE

Asdo.: Jesús María Fernández Portela